




FERVENZAS DO RÍO CAL

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 9 km (ida e volta)

Dificultade: media (algún tramo difícil)

Duración: 5 horas



O río Cal é un afluente do Tamuxe que baixa dos montes da Valga entre penedos graníticos formando saltos de gran desnivel en paredes verticais. No seu percorrido atópanse numerosas fervezas, escorregadoiras e rápidos, algunhas de considerable altura. Ao interese paisaxístico hai que engadir o etnográfico xa que na parte alta conta con varios muíños de fermosa estrutura e del sae a auga que alimenta as canles dos conxuntos de muíños do Folón e do Picón.


COMO CHEGAR:

Pola estrada de O Rosal a Loureza crúzase o río, ao pouco de pasar As Cruces (Fornelos) e antes de chegar a Acevedo. Preto do comezo hai varias pozas e pequenos saltos. Seguindo río arriba, pola marxe esquerda (podemos facelo polo cortallumes) chegamos a un depósito de auga do que parten dous carreiros que levan a dúas das fervezas máis altas ás que se baixa con certa dificultade. Máis arriba hai outra e, por debaixo do vao polo que se cruza o río un grupo de catro de moita altura. Seguindo a pista pasamos preto dos muíños do Picón e chegamos á cabeceira dos muíños do Folón, de onde sae unha pista á dereita que sube ao monte e achégase de novo ao río Cal. Neste tramo hai unha ferveza grande, o atranco do que parte a canle que leva a auga aos muíños do Folón e Picón e varias máis pequenas. A ruta remata nunha escorregadoira e un grupo de muíños arruinados ao pé da ponte que cruza o río.

A maior parte da ruta faise polo concello do Rosal e remata no concello de Oia. Tamén se podería facer partindo das rutas dos muíños do Picón e do Folón. Unha gran parte faise por terreo de forte pendente, por pistas forestais, cortallumes, carreiros e monte a través. Nalgúns casos, para achegarse ás fervezas hai que guiarse polo ruído da auga.



Pozo do Inferno (nº 4)




nº 1



n° 3



n° 4




n° 5



n° 6



n° 7



n° 8



n° 9



Pozas de Burgueira (n° 9)